

Unións Agrarias inicia unha campaña para axudar a enfrontarse ao cambio climático ao sector agroforestal galego



O cambio climático é o reto máis importante ao que debe enfrontarse a sociedade polas súas implicacións non só ambientais, senón tamén económicas e sociais.

Este fenómeno afecta especialmente ao sector agrario, xa que as súas consecuencias condicionan a produción agraria: secas, inundacións, fenómenos meteorolóxicos extremos, aparición de pragas e enfermidades, alteración dos ciclos de produción, etc.

Coa "Campaña LIFE+ Cambiar o cambio. O sector agroforestal fronte ao cambio climático" preténdese alcanzar os seguintes **obxectivos**:

Informar aos profesionais do sector agroforestal galego, á poboación escolar e á sociedade en xeral sobre a problemática do cambio climático. Impulsar a participación dos profesionais na mitigación e adaptación ao cambio climático das súas actividades, sen que isto implique unha redución da produtividade. Promover cambios de actitudes no sistema de xestión das explotacións agroforestais por un modelo sostible. Durante dous anos desenvolveranse varios tipos de **accións**:

Accións preparatorias de diagnóstico da situación: farase unha enquisa a 2.000 explotacións e manteranse reunións con asesores externos, expertos de universidades, centros de investigación, administracións, etc.

Accións de sensibilización: celebraranse un total de 41 xornadas, algunhas de carácter xeral e outras específicas para o sector gandeiro, hortícola, silvícola e vitícola ou para a poboación escolar. Estes eventos complementaranse cunha exposición itinerante. Tamén haberá un stand na Feira Internacional Semana Verde.

Accións de difusión e comunicación: roldas de prensa, páxina web, servizo de envío de SMS, publicacións en prensa especializada, distribución de dípticos, e ecoguías para cada un dos catro subsectores, redes de contacto nacionais con 16 comunidades autónomas e transnacionais con Francia, Inglaterra e Portugal, asesoría medioambiental e oficina tramitadora de axudas medioambientais e caixa de suxestións nas oficinas comarcais de Unións Agrarias - UPA.

Accións de xestión e control: entre outras farase unha enquisa de indicadores ambientais e uns talleres de capacitación de técnicos.

LIFE+ é o instrumento financeiro para o medio ambiente da Comisión Europea. A campaña "cambiar o cambio" enmárcase na compoñente LIFE+ "Información e Comunicación" que ten como obxectivos divulgar información e fomentar a sensibilización en torno aos ambientais, e apoiar as

medidas de acompañamento como información, actividades e campañas de comunicación, conferencias e formación. Para máis información pódese consultar a web www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio

temas medio-ambientais, e apoiar as medidas de acompañamento como información, actividades e campañas de comunicación, conferencias e formación. Para máis información pódese consultar a web www.unionsagrarias.org/life+cambiarocambio

"Coa contribución do instrumento financeiro LIFE da Comunidade Europea".

Este material non expresa necesariamente a visión da Comisión.

